

RESOLUCIÓN REITORAL DE 19 DE XANEIRO DE 2016 POLA QUE SE CONCEDEN AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA DEPUTACIÓN PONTEVEDRA A BOLSEIROS/AS ERASMUS +PRÁCTICAS DO CURSO 16-17 DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Universidade de Vigo asinou coa Deputación de Pontevedra con data 22 de decembro de 2015 un convenio de colaboración para a promoción da mobilidade de estudantes da convocatoria de Erasmus+ estudos, que facilita a realización de estudos en diferentes universidades europeas, e da convocatoria Erasmus+ para prácticas formativas en empresas e institucións doutros países europeos, ao abeiro das distintas convocatorias existentes no programa Erasmus+, de xeito que redunde en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia de Pontevedra e dos seus habitantes.

Trala sinatura deste convenio, a Universidade de Vigo recibirá un total de 150.000 euros, 90.000 euros para o curso 2015-16 e 60.000 euros para o curso 2016-17 co gallo de conceder 150 bolsas dotadas con 1.000 euros cada unha a estudantes beneficiarios/as da bolsa Erasmus+ matriculados en centros dos campus de Pontevedra e de Vigo da Universidade de Vigo segundo o seguinte reparto por curso académico:

- Curso 2015-16: 90 bolsas, 82 bolsas para Erasmus Estudos e 8 bolsas para Erasmus prácticas.
- Curso 2016-17, 60 bolsas, 50 bolsas para Erasmus Estudos e 10 bolsas para Erasmus prácticas.

En virtude deste convenio esta Reitoría

RESOLVE


- Publicar no anexo I desta Resolución a listaxe do estudantado beneficiario destas axudas para o curso 2016-17 pola súa condición de bolseiro/a Erasmus + Prácticas.
- Publicar no anexo II desta Resolución a listade do estudantado en lista de agarda pola súa condición de bolseiro/a Erasmus + Prácticas. no caso de se produciren renuncias

A concesión destas bolsas efectúase segundo os requisitos e criterios de selección establecidos entre a Diputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo:

Requisitos:

-Cumprir cos requisitos establecidos para os beneficiarios das convocatorias Erasmus + prácticas publicadas pola Universidade de Vigo e presentar na Oficina de Relacións Internacionais toda a documentación en relación á súa estadía:

- Certificado de chegada e de finalización da estadía
- Convenio de subvención
- Contrato de estudos ou de prácticas
- Contratación de seguro
- Cumprimentación dos informes finais



-Ter a condición de Bolseiro Erasmus + Prácticas pola Universidade de Vigo para o curso 16-17 a 31 de decembro de 2016. –

-Estar matriculado nalgún dos centros da Universidade de Vigo dos campus de Pontevedra e Vigo no momento no que se solicitara a bolsa Erasmus Prácticas da Convocatoria Erasmus Prácticas 16-17 (RR do 25 de abril de 2016)

- Ser beneficiario/a da bolsa xeral de estudos do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte no curso anterior á realización da estadía. Con este requisito preténdese adxudicar a axuda aos estudantes que teñen menos recursos e que obteñen resultados académicos que lles permite ser obxecto destas bolsas.

Criterios de selección:

-Nota media do expediente académico na data de presentación da solicitude da bolsa Erasmus +.

-As axudas distribuiranse por áreas de coñecemento, de xeito proporcionado ao número de candidatos por área, e por orde de nota media de expediente académico unha vez rematada a distribución por área de coñecemento:

- a) Artes e Humanidades;
- b) Ciencias;
- c) Ciencias da Saúde;
- d) Ciencias Sociais e Xurídicas;
- e) Enxeñaría e Arquitectura.

Aqueles participantes que obtivesen unha bolsa da Deputación de Pontevedra para bolseiros Erasmus + Estudos no mesmo curso académico, serán dispostos ao final da listaxe. De haber varios alumnos nesta situación ordearanse polos criterios arriba definidos.

Serán obrigas do estudiantado beneficiario:

- Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- Xustificar ante a Universidade de Vigo o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade que determine a concesión e goce da subvención, nos termos establecidos nas respectivas convocatorias dos programas Erasmus+.

Estas axuda aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2017ORI1121DORI48210. A Universidade de Vigo consignou 10.000 € destinados a estas bolsas para o estudiantado Erasmus Prácticas do curso 2016-17.

O ingreso da bolsa realizarse en pago único, unha vez asinado o convenio Erasmus por parte do Estudiante e da Universidade..

Os alumnos que perdan as condicións que deron lugar á concesión da bolsa e/ou que non cumpran coas obrigas do beneficiario, terán que devolver o importe desta.

Criterios de funcionamento da listaxe de agarda:

Para os suplentes rexe o criterio de distribución por área de Coñecemento. De xeito que unha vez producida unha baixa, será cuberta polo suplente da mesma área que teña mellor puntuación. En caso de non existir suplentes na mesma área, outorgáraselle ao primeiro por orde de puntuación.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o/a(s) interesado/a(s) poderá(n) optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que a ditou, neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O REITOR
Por Delegación (R.R. do 07/05/2014)
O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Manuel J. Fernández Iglesias



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 19 de xaneiro de 2017

A xefa de Negociado da Unidade de Relacións Internacionais
Henar Quintas Salgado